



ACTIVIDADE DIA DO LIBRO 2016

Estimado/a empresario/a:

Dende a Concellería de Cultura, e máis en concreto dende a Biblioteca Municipal Suárez Picallo, queremos convidarlle a participar un ano máis na campaña de difusión e apoio á lectura que se levará a cabo o vindeiro sábado 23 de abril con motivo da celebración do Día do Libro.

Dita iniciativa ten como obxectivo acercar a literatura á cidadanía mediante a utilización duns identificadores que conterán unha frase dun libro que vos consideredes axeitada e que luciredes nas vosas solapas durante a xornada laboral do día 23.

Para participar e colaborar has de cumprir os seguintes requisitos:

1. Escolle unha frase dun libro que pensas que ten calidade suficiente para converterse en obra de arte nos muros da Biblioteca Municipal de Sada. En anos anteriores foron ilustradas frases de Shakespeare, Cervantes, Saint-Exupery, Celso Emilio Ferreiro ou Einstein. ¿Qué obra pensas ti que debe estar a carón de Don Quixote, o Principiño ou Hamlet?
2. Cubre cos teus datos o impreso que figura ó remate desta folla. Lembra que a frase escollida non pode ter máis de 20 palabras. Pasaremos a recollela dentro duns días para posteriormente elaborar o identificador que lucirás en apoio á lectura a xornada do Día do Libro.
3. Se a túa frase resulta escollida pasará a decorar as paredes da Biblioteca Municipal xunto cun vinilo deseñado polo ilustrador David Prieto. O nome do gañador ou gañadora –que será único- figurará vinculado á frase ilustrada.
4. Obterá ademais un premio dunha cena no restaurante ou bar de Sada que prefira, cun importe máximo de 90€ na modalidade individual ou 160€ na modalidade de empresa. Neste segundo caso o gañador ou gañadora desfrutará obrigatoriamente do premio cos seus compañeiros de traballo.
5. A frase gañadora farase pública antes do 2 de maio. Plasmarase en vinilo nunha data anterior ao 23 de maio.



Asdo: Marcos Villar López
Concelleiro de Cultura e Praias

MODALIDADE INDIVIDUAL <input type="checkbox"/>		MODALIDADE EMPRESA <input type="checkbox"/>	
NOME DO/A TRABALLADOR/A			
TELEFONO DE CONTACTO			
AUTOR DA OBRA			
TITULO DA OBRA			
FRASE PARA O IDENTIFICADOR:			